Memoria xustificativa das actuacións. Liña 1

Servizos de información, sensibilización e divulgación do Programa de optimización da recollida selectiva de biorresiduos. Concello de Vilalba. Procedemento MT975X

1. Datos xerais

Entidade beneficiaria da axuda	Concello de Vilalba (**expediente da axuda EELL-0286-2026-RES)**
Proxecto	Programa de optimización da recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Vilalba
Axuda	Orde do 15 de xaneiro de 2026, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible para o ano 2026 (código de procedemento MT975X)
Liña	LIÑA 1
Contrato	Contrato mixto de subministro de materiais para a recollida selectiva de biorresiduos e prestación dos servizos de sensibilización asociados (procedemento aberto simplificado sumario), expediente 3363/2026
Adxudicación	Resolución da Alcaldía número 2026-1221, a favor de Compost Natur, S.L. (CIF B22521124)
Empresa que executou os servizos de sensibilización	Sihaho Consulting, S.L.U. (CIF B56584667), como subcontratista de Compost Natur, S.L.
Responsable do contrato	Ignacio Criado Montenegro
Prazo de execución	Antes do 15 de outubro de 2026
Lugar da prestación	Concello de Vilalba

2. Nome do proxecto

Servizos de información, sensibilización e divulgación asociados á recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Vilalba.

3. Obxecto e contexto

Nesta memoria explicamos as actuacións de sensibilización que executamos no marco do contrato mixto de subministro e servizos adxudicado polo Concello de Vilalba a Compost Natur, S.L. O contrato está financiado coa axuda da Orde do 15 de xaneiro de 2026 e a memoria preséntase conforme o artigo 26 da devandita orde.

O contrato combina a subministración de calderos e bolsas compostables para os fogares e os grandes xeradores con servizos de información, sensibilización e seguimento, para acompañar a implantación e a optimización da recollida selectiva de biorresiduos. O Concello prevé ampliar progresivamente os contedores, cun mínimo de 20 contedores adicionais durante este exercicio.

4. Descrición detallada do proxecto realizado

4.1 Subministro de material

- **Caldeiros domésticos de biorresiduos (500 unidades)**

Características:

- ✓ Recipiente ou colector de cociña destinado á recollida e ao almacenamento temporal de residuos orgánicos no fogar, antes da súa deposición no "quinto colector" (recipiente específico para residuos orgánicos) situado na vía pública.
- ✓ Capacidade axeitada para o uso doméstico diario; fácil de manexar e de limpar.
- ✓ Sistema de ventilación ou aberturas que axudan a reducir os malos olores e facilitan o presecado da materia orgánica.
- ✓ Dotado dunha asa para o transporte e dunha tapa cun mecanismo de peche práctico.
- ✓ Fabricado cun material duradeiro, hixiénico e seguro, apto para o contacto indirecto coa materia orgánica.
- ✓ Cada unidade incluirá unha guía informativa na que se detallan os residuos orgánicos suxeitos a recollida separada, tal e como se especifica no punto 3.2 da terceira cláusula.

- **Bolsas compostables de uso doméstico (500 packs)**

Características

- ✓ Tamaño e capacidade adaptados á caldeira/recipiente doméstico descrito na sección 2.1.
- ✓ Durabilidade suficiente para un uso habitual sen roturas prematuras.
- ✓ licitador deberá presentar un certificado ou declaración de conformidade coa norma UNE-EN 13432 para o produto ofertado.

- Bolsas compostables certificadas conforme á norma UNE-EN 13432 (ou outra norma equivalente vix

- **Contedores para biorresiduos procedentes de grandes xeradores (45 unidades)**

Características

- ✓ Contedores especializados de maior capacidade ca os empregados para os residuos domésticos, adaptados ao volume de residuos xerados por grandes produtores (establecementos de hostalaría, supermercados, instalacións colectivas, etc.).
- ✓ Fabricados cun material resistente, deseñado para un uso intensivo, e fáciles de limpar e desinfectar.
- ✓ Dispoñen dun sistema de peche e transporte adaptado para un uso profesional frecuentemente, axeitadas para o seu uso en instalacións de compostaxe ou de dixestión anaerobia.

- **Bolsas e revestimentos compostables para biorresiduos procedentes de grandes xeradores (45 paquetes)**

Características

- ✓ Bolsas ou revestimentos compostables certificados segundo a norma UNE-EN 13432, cunha capacidade axeitada ao volume xerado polos grandes produtores.
- ✓ Resistencia reforzada, deseñados para o uso intensivo previsto.

4.2 Accións de sensibilización en centros educativos (5)

Realizamos [5] accións formativas en colexios e institutos do concello, adaptadas aos distintos niveis educativos e impartidas por persoal técnico especializado en educación ambiental. As accións apoiáronse no material didáctico da campaña, co fin de aumentar a sensibilidade do alumnado e de que a difusión da campaña chegue tamén aos fogares.

- Centros:
  - CEIP ÍNSUA BERMUDEZ
  - CEIP MATO VIZOSO
  - CEIP MONSEIVANE DE LANZÓS
  - CEIP TERRA CHÁ DE ROMÁN
- Datas: 08/10/2026 – 15/10/2026
- Alumnado participante: arredor de 200 alumnos.

4.3 Carpas informativas (3)

Instalamos [3] carpas informativas, con 2 profesionais con experiencia en campañas deste tipo en cada unha. Fixémolo en datas de moita afluencia, como os días de mercado do concello.

- Localizacións e datas: Campo da Feira de Vilalba entre o 1/10/2026 e o 15/10/2026
- Persoas atendidas: 2.550. persoas atendidas, un tercio da poboación residente en casco urbano.

4.4 Puntos informativos a pé de contedores (30)

Realizamos 30 puntos informativos a pé dos contedores, atendidos por persoal con experiencia no sector. O obxectivo era achegar a información á veciñanza máis próxima aos contedores e fomentar o uso correcto do sistema.

- Zonas e datas: Casco urbano de Vilalba entre o 1/10/2026 e o 15/10/2026
- Persoas atendidas: 2.550 persoas atendidas, un tercio da poboación residente en casco urbano.

4.5 Acompañamento e control dos grandes xeradores

Nos propios establecementos dos grandes xeradores identificados demos información inicial, a cargo de persoal cualificado, no momento de entregarlles o material. Despois fixemos dúas visitas presenciais programadas a cada gran xerador e aos seus contedores, complementadas con seguimento telefónico, para resolver dúbidas e controlar que usan ben o sistema.

- Grandes xeradores atendidos: 45
- Visitas realizadas: 90, dúas por cada establecemento
- Persoas atendidas: 13.852 habitantes

Entendemos que os servizos dos grandes xeradores (neste caso hostalería, supermercados e outros establecementos xerador de materia orgánica) van dirixidos como mínimo a todos os habitantes do noso concello.

4.6. Guías informativos e material divulgativo

Realizamos o deseño e impresión de 2.000 trípticos informativos en formato A4 e dobrado en 2. Estas trípticos son obxecto da recollida separada e de como empregar correctamente os colectores. Foron distribuídos entre a poboación e os grandes xeradores nas actuacións realizadas.

Tamén se realizou o deseño e impresión de 2.000 guías como material divulgativo de apoio, específico para as acción nos centros educativos.

4.7 Persoal e compromiso social

As accións fíxoas persoal da nosa empresa: Dous técnicos especializados en información medioambiental. Segundo as condicións do contrato, nas actividades de sensibilización ambiental participou polo menos unha persoa pertencente a un colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

5. Evidencia gráfica da execución

As imaxes que seguen xustifican a execución das actuacións. Mostran tamén o cumprimento das obrigas de publicidade: logotipo da Xunta de Galicia, emblema da Unión Europea con referencia ao cofinanciamento polo programa Galicia Feder 2021-2027 e escudo e logotipo do Concello de Vilalba.

5.1. Subministro

Achégase con esta memoria a acta de recepción de subministros.



5.1 Accións nos centros educativos









5.2 Carpas informativas e puntos informativos a pé de colectores



5.4 Acompañamento aos grandes xeradores






5.5 Material de divulgación


ORGÁNICA
#Ti Les a chave
Concello de Vilalba


Súmate ao VOLUNTARIADO MARRÓN
BUSCAMOS FAMILIAS E PERSOAS CONCIENCIADAS
Se che gusta colaborar no coidado do medio ambiente e se queres reducir a túa pegada persoal de carbono, abre esta páxina e segue lendo.
Concello de Vilalba
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Fondos Europeos
ORGÁNICA
#Ti Les a chave
Concello de Vilalba


GUIA DIDÁCTICA
SABERÍAS SEPARAR BEN O LIXO?
APRENDER CONNOSCO É BEN FÁCIL E DIVERTIDO
Alba
Vila
Concello de Vilalba


AVE
PEDRA MARIA GRAZIA
Concello de Vilalba
Praza da Constitución, 1
27800 Vilalba, Lugo
982 51 03 05
www.vilalba.gal
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Fondos Europeos





6. Cronograma

O servizo executouse entre o 30 de setembro de 2026 e o 15 de outubro de 2026.

Período	Actuacións
30/09	Preparación do servizo e coordinación co Concello e coa empresa adxudicataria.
08/10-15/10	Accións nos centros educativos.
01/10-15/10	Carpas informativas e puntos informativos a pé de contedores.
01/10-15/10	Información inicial e visitas aos grandes xeradores, con seguimento telefónico.
01/10-15/10	Análise dos datos e redacción desta memoria.

7. Resultados e indicadores

7.1 Actuacións realizadas

Actuación	Previsto	Realizado
Accións formativas en centros educativos	5	5
Carpas informativas (con 2 profesionais cada unha)	3	3
Puntos informativos a pé de contedores	30	[ ]
Grandes xeradores con información inicial	45	45
Visitas presenciais a grandes xeradores (2 por cada un)	90	90

7.2 Cobertura

Tendo en conta que é de participación voluntaria, a nosa oferta foi dirixida ao 100% da poboación do concello en casco urbano que aínda non participa na recollida separada da materia orgánica. Cando falamos de “cantidades obxectivo” é sobre o calculo que realizamos dos vivendas e establecementos

que prevemos participarían no proxecto, aínda que non podemos ter datos definitivos polo de agora, polo que os datos que temos son un obxectivo e necesitemos traballar na mesma durante varios anos.

Coas accións realizamos prevemos que chegamos a chegamos a 2.550 habitantes nos centros educativos, nas carpas e nos puntos informativos, e a 13.852 grandes xeradores. A participación é voluntaria, polo que a implantación definitiva deste obxectivo pode levar varios anos de traballo.

A continuación desglosamos datos e obxectivos:

	Nº HABITANTES AOS QUE NOS DIRIXIMOS	Nº VIVENDAS (aprox.)	VIVENDAS OBXECTIVOS	Nº HABITANTES ATENDIDOS
CASCO URBANO	8.500	2.833	850	2.550

Total habitantes segundo datos do INE 2025: 13.852

	OBXECTIVO	Nº HABITANTES ATENDIDOS(*)
GRANDES XERADORES	45	13.852

Entendemos que os servizos dos grandes xeradores (neste caso hostalería, supermercados e outros establecementos xerador de materia orgánica) van dirixidos como mínimo a todos os habitantes do noso concello.

7.3 Toneladas recollidas

As toneladas de biorresiduos recollidas dependerán da participación da poboación e da xestión da recollida, pero a estimación é de 451,5 toneladas/ano. Para esta estimación calculamos o número de vivendas e lle asignamos que producen uns 420 quilos de biorresiduos por vivenda ao ano, e cada gran xerador lle asignamos unha media 2.100 quilos de biorresiduoso ao ano. Estes datos son resultado da experiencia obtida nas accións realizadas ata o momento neste proxecto. En canto a compost producido, en base ao nº de toneladas que se estiman, prevese producir 135,45tn/ano. Para este último dato, considérase unha produción de 333 quilos de compost por cada tonelada de biorresiduos tratada.

8. Beneficios ambientais

As accións de sensibilización acompañan a entrega dos calderos e das bolsas compostables, e axudan a que os fogares e os grandes xeradores separen ben os biorresiduos. Con iso espérase que aumente a participación na recollida selectiva e mellore a calidade do que se recolle, para que estes residuos se traten biolóxicamente en vez de ir a un vertedoiro ou a incineración.

Consonte as metodoloxías oficiais do Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) e a Oficina Española de Cambio Climático, o desvío para compostaxe das 451,5 toneladas anuais de biorresiduos previstas no teu proxecto evitará a emisión de 263 toneladas de gases de efecto invernadoiro ao ano, dependendo de cal fose o destino alternativo do lixo.

9. Cumprimento doutras obrigas da axuda

Publicidade e visibilidade. En todo o material de difusión e na sinalización das carpas e dos puntos de información fixemos constar o logotipo da Xunta de Galicia, o emblema da Unión Europea coa referencia ao cofinanciamento polo programa Galicia Feder 2021-2027 e o escudo e logotipo do Concello de Vilalba, como esixe o prego de prescricións técnicas e a orde.

Protección de datos. No contacto con persoas usuarias e grandes xeradores cumprimos a normativa de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018).

Conservación da documentación. Gardamos unha copia dixital das fotografías e dos materiais de comunicación e difusión.

10. Orzamento do proxecto

Concepto	Unidades	Prezo unitario (€)	Importe (€)
Servicios de sensiblización	1	12.693,86 €	12.693,86 €
Subministro	1	3.239,95 €	3.239,95 €
Base impoñible			**15.934,26**
IVE (21 %)			3.346,19 €
Total			**19.280,45 €**

11. Conclusións

Executamos os servizos de sensibilización dentro do prazo e segundo o previsto no contrato: as accións nos centros educativos, as carpas informativas, os puntos informativos a pé de contedores e o acompañamento dos grandes xeradores. Con isto contribuímos a que o Concello de Vilalba avance na implantación e na mellora da recollida selectiva de biorresiduos.